



Nadal 2014: agasallos seguros sen contaminación electromagnética para nenas e nenos

Ante as festas de Nadal e os agasallos aos que vai asociado, dende a Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) e a Plataforma Estatal Contra a Contaminación Electromagnética/PECCEM nas derradeiras semanas diriximos unha campaña de Nadal ás asociacións de nais e pais galegos, para informarlles das alertas científicas e de distintas institucións europeas e internacionais sobre os riscos para a saúde das nosas fillas e fillos no uso de dispositivos emisores de radiacións electromagnéticas como as radiofrecuencias (teléfonos móbil e DECT, Wi-Fi, e outros dispositivos sen fíos).

Esta alertas recollen, entre outras, as recomendacións proteccionistas da **Resolución 1815/2011 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa –APCE-** (na liña defendida pola Axencia Europea de Medio Ambiente, xa contemplada nalgunha medida polo Parlamento Europeo en 2009) que como proposta base propón: **“Tomar tódalas medidas razoables para reducir a exposición aos campos electromagnéticos, especialmente ás radiofrecuencias emitidas por teléfonos móbiles, e en particular a exposición na infancia e mocidade”**. Medidas como:

- **“Informar sobre os riscos potenciais** para a saúde dos teléfonos sen fíos DECT, os babyphones e outros aparatos eléctricos que emiten continuamente microondas pulsadas... e recomendar o uso de teléfonos con cable nos fogares, ou no seu defecto, modelos que non emitan permanentemente ondas pulsadas”.
- **“Campañas de información dirixidas ao profesorado, nais e pais e o alumnado** para advertirlles dos riscos específicos do uso precoz, indiscriminado e prolongado dos teléfonos móbiles e doutros dispositivos sen fíos”, primando para nenas e nenos en xeral **centros de ensino libres de contaminación electromagnética (Wi-Fi, teléfono móbil)**, con **“conexión a internet por cable”**.

Nesta liña, no estado español xa son varias as federacións de nais e pais (como a Federación de ANPAS de Lugo), veciñais, sindicais, ecoloxistas (como Ecoloxistas en Acción e a Federación Ecoloxista Galega na que está a APDR), partidos políticos, asociacións profesionais (como o Colexio Oficial de biólogos de Galicia), parlamentos autonómicos (Vasco e Navarra), concellos ... que denuncian este problema de saúde pública que supón o aumento exponencial da exposición da poboación ás radiacións electromagnéticas, e solicitan a aplicación das recomendacións citadas do Consello de Europa.

Neste vindeiro 2015, seguiremos informando á comunidade educativa en defensa da saúde e dun uso racional e seguro da tecnoloxía.

Pontevedra, 30 de decembro de 2014

Xulio Carmona, pola xunta directiva da APDR.

Ver imaxe da campaña:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Pontevedra/DOCUMENTOS%20ENSINO%20APDR/nadal_sen_radiacion.2014.jpg

Ver folla para nais e pais:

<http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Pontevedra/DOCUMENTOS%20ENSINO%20APDR/APDR-PECCEM-campana.nadal.2014.pdf>



APDR

Asociación pola defensa da Ría

É seguro agasallar teléfonos móbiles e outros aparellos sen fíos ás nenas e nenos?

As nenas e nenos son máis vulnerábeis aos dispositivos sen fíos que emiten microondas como as da telefonía móbil e as do Wi-Fi

O organismo da xente máis nova está en formación, por iso deberíase protexer da exposición aos campos electromagnéticos para previr trastornos de concentración, infertilidade, alteracións xenéticas, cancro e outros problemas dexenerativos no futuro

Os teléfonos móbiles e os outros aparellos sen fíos non son xoguetes. Lembra que o teu afecto e a túa dedicación seguen sendo sempre os mellores agasallos



designed by Freepik.com

Infórmate e actúa.
www.apdr.org
www.peccem.org